

SOBRE OS AUTORES E AUTORAS

Xosé Afonso Álvarez Pérez é licenciado en Filoloxía Románica (2003) e Filoloxía Galega (2006) pola Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén obtivo un doutoramento en Lingüística (2008). Entre xaneiro de 2009 e marzo de 2015 foi investigador posdoutoral na Universidade de Lisboa. Desde abril de 2015 é investigador Ramón y Cajal na Universidad de Alcalá. As súas principais liñas de traballo son a dialectoloxía e xeolingüística románicas, o léxico das linguas peninsulares, e o multilingüismo e a ecoloxía lingüística.

Aroldo Leal de Andrade é doutor en Lingüística pola Universidade Estadual de Campinas. Completou os seus estudos posdoutorais na Universidade Estadual de Campinas e na Universidade do Québec en Montreal. Actualmente é profesor adxunto na Universidade Federal de Minas Gerais. Os seus principais campos de actividade son a lingüística histórica, lingüística de corpus e a análise lingüística, con énfase na interface entre sintaxe e pragmática.

Fernando Jorge da Costa de Brissos é investigador de posdoutoramento do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, co proxecto *Estudo acústico dos dialetos portugueses*. Licenciouse en lingüística e doutorouse en lingüística histórica na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa, onde ten impartido docencia de varias disciplinas por convite. As súas áreas de interese son a lingüística histórica (principalmente historia da lingua portuguesa e historia das linguas románicas), a dialectoloxía acústica, a dialectometría e a dialectoloxía tradicional, a crítica textual e a fonética forense.

María Beatriz Domínguez Oroña é licenciada en Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela e investigadora predoutoral (FPU 2015) no Instituto da Lingua Galega, onde desenvolve o seu proxecto de tese sobre a alternancia causativa no ámbito da sintaxe, do léxico e da variación dialectal. Ademais, participa en dous dos proxectos de investigación do Instituto da Lingua Galega, o *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* e o proxecto de *Construcións verbais e sintaxe da oración* (ConVerSO).

Alexandra Fiéis é doutora pola Universidade Nova de Lisboa. Actualmente é profesora adxunta no Departamento de Lingüística da Facultade de Ciéncias Sociais e Humanas na Universidade Nova de Lisboa, na cal imparte docencia de sintaxe, variación, multilingüismo e ensino de segundas linguas. É tamén investigadora do Centro de Lingüística da Universidade Nova de Lisboa (CLUNL), onde participa en proxectos nas áreas de sintaxe do portugués (sincrónica e diacrónica), adquisición do portugués como primeira e segunda lingua, ensino/aprendizaxe de portugués como segunda lingua e en desenvolvemento de materiais para o ensino de segundas linguas.

Maria Lobo é doutora pola Universidade Nova de Lisboa. Na actualidade é profesora adxunta no Departamento de Linguística da Facultade de Ciências Sociais e Humanas na Universidade Nova de Lisboa, onde imparte docencia de sintaxe, variación e de adquisición da lingua. É tamén investigadora do Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa (CLUNL), onde participa en proxectos nas áreas de sintaxe do portugués, variación lingüística e adquisición da lingua.

Célia Regina dos Santos Lopes é Profesora Asociada IV de Lingua Portuguesa na Facultade de Letras da Universidade Federal do Rio de Janeiro desde 1994, con docencia nos estudos de grao desde 1994 e de posgrao (PPG-Letras Vernáculas) desde 2000. Boleira de produtividade do CNPq desde 2006 e boleira 1D desde 2013. Ten experiencia en sociolingüística, lingüística histórica e historia da lingua portuguesa.

Paulo Henrique de Souza Lopes é profesor substituto da Universidade Federal da Bahia. Foi bolseiro de iniciación científica do proxecto *Atlas Lingüístico do Brasil*. Está a realizar o programa de posgrao en Letras e Lingüística da Universidade Federal da Bahia, con bolsa do Conselho Nacional de Desenvolvemento Científico e Tecnológico. As súas áreas de interese son a sociolingüística e a dialectoloxía.

Eduardo Louredo Rodríguez é licenciado en Filoloxía Galega e Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela. Participou en diversos proxectos no Instituto da Lingua Galega. Ocupou o posto de lector de galego na Universidad de Salamanca e, actualmente, ensina lingua e literatura galegas no IES Otero Pedrayo (Ourense). Os seus campos de investigación son a dialectoloxía e a variación lingüística, temas sobre os que realiza a súa tese de doutoramento.

Edson Galvão Maia é profesor de ensino básico, técnico e tecnolóxico do Instituto Federal do Amazonas (IFAM), onde actúa no ensino de lingua portuguesa e en pesquisas na área de dialectoloxía e sociolingüística. É doutorando en Estudos da Linguaxe na Universidade Estadual de Londrina (UEL), mestre en Letras, especialista en lingüística e licenciado en Letras – Lingua Portuguesa pola Universidade Federal do Amazonas (UFAM).

Leonardo Lennertz Marcotulio é Profesor Adxunto II de lingua portuguesa e do programa de posgrao en Letras Neolatinas da Universidade Federal do Rio de Janeiro e editor-xefe da revista *LaborHistórico*. As súas áreas de especialidade son a historia da lingua portuguesa, a lingüística histórica e a filoloxía.

Jacyra Andrade Mota é doutora pola Universidade Federal do Rio de Janeiro e docente do programa de posgrao en Letras e Lingüística da Universidade Federal da Bahia. Posúe unha bolsa de produtividade en pesquisa do Conselho Nacional de Desenvolvemento Científico e Tecnológico. É directora executiva do proxecto *Atlas Lingüístico do Brasil*. As súas áreas de interese son a sociolingüística e a dialectoloxía.

Anthony Julius Naro é doutor en Lingüística polo Massachusetts Institute of Technology (MIT). É profesor emérito da Universidade Federal do Rio de Janeiro, investigador do CNPq e membro fundador do Programa de Estudos sobre o Uso da Lingua (PEUL) da Facultade de Letras da Universidade Federal do Rio de Janeiro (UFRJ). As súas áreas de actuación son a sociolingüística e a dialectoloxía, a teoría e análise lingüística e a lingua portuguesa.

Thiago Laurentino de Oliveira é doutorando en Letras Vernáculas (Lingua Portuguesa) na Universidade Federal do Rio de Janeiro (UFRJ), baixo a orientación da profesora doutora Célia Regina dos Santos Lopes. Foi profesor substituto de lingua portuguesa (Departamento de Letras Vernáculas) na Facultade de Letras da UFRJ (2013-2015), tendo impartido a disciplina de historia da lingua portuguesa nos cursos de graduación. Actualmente é profesor substituto do Departamento de Lingüística e Filología da UFRJ, onde imparte disciplinas de filoloxía románica. Ten experiencia en sociolingüística, lingüística histórica e historia da lingua portuguesa.

Clara Raquel Gonçalves Pinto Almeida é mestre en Lingüística pola Facultade de Letras da Universidade de Lisboa. Actualmente é bolseira de doutoramento no Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa. As súas principais áreas de investigación son a evolución da negación no portugués e noutras linguas románicas, a negación metalingüística, a variación diacrónica e a anotación sintáctica.

Cláudio Leonardo João Pedro Castilho R. B. dos Santos é graduado en Letras (Portugués-Literaturas en Lingua Portuguesa) da Universidade Federal do Rio de Janeiro.

Irene Santos Raña é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén cursou os mestrados de Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e de Lingüística Aplicada. Foi investigadora en formación no Instituto da Lingua Galega entre 2014 e 2017. A súa tese de doutoramento en curso céntrase na variación lingüística e na reflexión dos falantes sobre a variación. Actualmente exerce como profesora de Lingua Galega e Literatura en Secundaria.

Maria Marta Pereira Scherre é doutora en Lingüística pola Universidade Federal do Rio de Janeiro, investigadora do CNPq, profesora visitante do programa de posgrao en Lingüística da Universidade Federal do Espírito Santo (bolsa do PVNS-CAPES) e investigadora colaboradora do programa de posgrao en Lingüística da Universidade de Brasília. As súas áreas de actividade son a sociolingüística e a lingua portuguesa.

Lílian Teixeira de Sousa é doutora en Estudos Lingüísticos pola Universidade Estadual de Campinas (UNICAMP). Actualmente é profesora na Universidade Federal da Bahia (UFBa), onde actúa como profesora adxunta en estudos de grao e de posgrao. Ten experiencia na área de teoría e análise lingüística, con énfase en sintaxe xenerativa e as súas interfaces.

Lilian Coutinho Yacovenço posúe o grao en Letras Portugués e Literaturas de Lingua Portuguesa, mestrado e doutorado en Letras Vernáculas pola Universidade Federal do Rio de Janeiro. É profesora titular da Universidade Federal do Espírito Santo e coordinadora do proxecto *Português falado na cidade de Vitória - PortVix*. Ten experiencia na área de lingüística, con énfase en sociolingüística.